

# ACTIVIDADES ÚLTIMO TRIMESTRE

## PARA SECUNDARIA MUSEO DO POBO GALEGO

### DO PAN Á RIMA

"Do pan á rima" achéganos á Regueifa, un elemento do noso PCI conectado coa improvisación oral en verso. Ten presenza en moitas culturas do mundo e entronca coa actualidade a través de diversas manifestacións da improvisación, tanto cantada como rimada. Un exemplo destes tempos pode ser o hip-hop.

Achegarémovos a ela a partir dunha **conexión virtual de 30 minutos** entre o Museo e a aula. Usaremos imaxes, vídeos ou pezas musicais antigas e actuais, e aprenderemos a crear coplas.

**Prezo: 70 ct por alumno/a. De balde para centros socios.**

### MICE PETÍS

O saber dos pobos, a súa idiosincrasia, a súa maneira de ser e entender o mundo transmítese de xeración en xeración en forma de historias. O cinema converteuse nunha importante ferramenta non só para a creación de obras senón para a transmisión doutras xa existentes na narración oral ou no texto e que chegan a nós desde a infancia, contribuíndo así a transmisión de mitos e con eles, da identidade dos pobos.

**Sesión en liña de curtas que vos achegamos a través dun enlace virtual. Duración total de 60 minutos.**

**Actividade de balde.**

### PASEOS VIRTUAIS

Nestes paseos navegaremos virtualmente por aquela sala do Museo que máis vos interese. Vós escolledes o tema e nós mostrámosvolo a través deste **paseo virtual de quince minutos** de duración.

**Actividade de balde.**

### PASEOS PRESENCIAIS

O alumnado poderá visitar **presencial e autonomamente** o Museo a través de materiais lúdicos como "xogos de pistas" facilitados desde o DEAC.

**Actividade de balde.**

### + INFORMACIÓN

- **Estas actividades están dirixidas a todo o ciclo da ESO.**
- As actividades virtuais precisan de que o centro teña unha boa conexión web.
- Reservas e máis información en **servizosdeacemuseodopobo.gal**